



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 5 DE NOVEMBRO DE 2015	
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira



D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira


GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO



Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e sete minutos do día cinco de novembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate, o Sr. Alcalde-Presidente da a benvida a todos os asistentes á sesión plenaria e de seguido dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 8 DE OUTUBRO DE 2015.

2º.- EXPEDIENTE DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS E BENS PARA ZONA VERDE DE SISTEMA XERAL SX-ZV-P15, POR TASACIÓN CONXUNTA, PARA ACTUACIÓN ILLADA EN SOLO URBANO DE AMPLIACIÓN DOS XARDÍNS DA ALAMEDA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO.

3º.- EXPEDIENTE DE REPETICIÓN DO APEO E AMOLLOAMENTO PROVISORIO RESIDENCIADO NA ACCIÓN DE DESLINDE ADMINISTRATIVO DO CAMPO DA FESTA DE GUIMAREI,

A CRUZ; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, RELATIVA Á SOLICITUDE DE MELLORAS NA SEGURIDADE VIAL DA N-525 AO SEU PASO POLA ESTRADA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE, RELATIVA Á DECLARACIÓN DA ESTRADA COMO ZONA LIBRE DE MALTRATO ANIMAL; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE.

6º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONXUNTA DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE.

7º.- ADHESIÓN AO MANIFESTO PRESENTADO POLA PLATAFORMA FEMINISTA GALEGA CON MOTIVO DA MARCHA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DO 7N EN MADRID; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE.

8º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME EMITIDO POLA SECRETARIA MUNICIPAL SOBRE ASISTENCIA LEGAL A POLICÍAS LOCAIS (DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE 29-10-2015).

9º.- ROGOS E PREGUNTAS



1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 8 DE OUTUBRO DE 2015. Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 8 de outubro de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcrición ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- EXPEDIENTE DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS E BENS PARA ZONA VERDE DE SISTEMA XERAL SX-ZV-P15, POR TASACIÓN CONXUNTA, PARA ACTUACIÓN ILLADA EN SOLO URBANO DE AMPLIACIÓN DOS XARDÍNS DA ALAMEDA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO.

Explica o Sr. Concelleiro D. Alberto Blanco Carracedo que estamos ante unha velle demanada histórica, é o momento axeitado pois o Concello atópase na situación de facer a inversión e agora, segundo consta nos informes técnicos, os tipos están máis baixos. É a situación idónea para acometer esta actuación sen maior esforzo. Di que se opta pola expropiación pois as negociacións foron infructuosas e non é posible a permuta, explicando de seguido o iter procedimental a seguir.

Intervén de seguido a Voceira do PSdG-PSOE dicindo que reitera o dito xa na Comisión Informativa e noutros plenos: a maior preocupación dos veciños da Estrada é a falta de emprego e non acometer esta inversión que vai hipotecar ao Concello e non é unha prioridade para A Estrada. Di que o PP xustifica esta inversión porque vai no primeiro cuatrienio do PXOM a execución deste proxecto, que variou, tamén argumentan que hai que facelo pois xa levan dous anos con este tema e vai no seu programa electoral. Entende que non són razóns de peso para acometer esta inversión, polo que propón destiñar parte deste diñeiroá expropiación de terreos para a ampliación do Polígono de Toedo, pois hai que crear postos de trabalo e chegar a acordos coas empresas para o seu asentamento no noso Concello. Entende que agora isto é o prioritario.

Posteriormente toma a palabra a representante do Grupo MOVETE, Dª Mar Blanco, dicindo que non é o momento xa que hai outras prioridades, poden apoiar outras inversións como a construción dun novo centro de día.. Non poden apoiar a expropiación sen saber qué vai facer concretamente neses terreos e canto vai custar. Pide que o goberno faga un proxecto máis concreto e pide a participación cidadá neste punto, para coñecer a opinión dos veciños da Estrada respecto deste proxecto.



. Magariños expón que non é o momento de adicar tantos cartos para unha obra. O goberno oculta os valores da expropiación pois valora todas as parcelas do mesmo xeito. Dase un valor mínimo ás parcelas centrais, polo que se chega ao dobre do presupostado. Ademais tampouco saben que van facer cos terreos. Di que a proposta do BNG é priorizar a creación de emprego coa ampliación do polígono industrial de Toedo para incrementar o solo público industrial e a creación de servizos de aparcadoiro para dinamizar o comercio na comarca. Propón a urbanización de terreos detrás de correos e da Casa das Letras, pois hai terreos propios para cubrir as necesidades de aparcamento, e non estar nas mans dun particular que calquera día pode cambiar de opinión.

Contesta ás intervencións o Sr. Alcalde dicindo que coincide en moitos puntos coa oposición, aínda que entende que parten dunha premisa equivocada. A Prioridade para todos é o emprego, e neso estamos de acordo. Pero quere sinalar que o destiño das inversións debe ser en cuestións de competencia municipal e parécelle de demagogia supina misturar cuestións como o centro de día, a ampliación do polígono industrial, a creación de novas infraestruturas, pois non son competencias municipais. Di que falta a primeira proposta en positivo, real e razonada dentro das competencias municipais, como xa dixo na Comisión Informativa. Reitera que o PP xa tiña no seu programa electoral a proposta de ampliación dos xardíns da Alameda, polo que non entende tanta sorpresa, cando é un proxecto xa anunciado e no seu día co consenso das forzas políticas municipais. Entende que non só non é unha hipoteca para os veciños da Estrada senon que cre que é a mellor herencia que lle poden deixar aos seus fillos. Explica que esta actuación non limita a posibilidades de facer outras inversións. O emprego é unha prioridade para todos, este goberno fixo plans de emprego, catro obradoiros, subvencions para emprendedores... diminuíu de maneira considerable o número de desempregados dende que chegaron ao goberno.

Di que cando a oposición fala de solo industrial parece que non teñen en conta que non temos nin capacidade nin competencia para facelo. A competencia é da Xunta (Consellerías e Xestur) e ademais dita ampliación vai de 15 a 17 millóns de euros de inversión, polo que non se pode plantexar como alternativa a este proxecto porque non están equiparados nin na cantía nin o concello é competente.

Con este proxecto pretenden aportar zonas verdes nunha zona onde non se pode dotar doutras zonas verdes pois non hai previstas máis no PXOM para o casco urbán. O PXOM e este goberno queren construír unha vila máis agradable para os seus cidadáns.

Tampouco sabe onde saca a voceira socialista que vai facer o PP unha praza pública de cinco millóns (Intervén D^a Belén Louzao dicindo que do seu programa) e resposta o Sr. Alcalde que esqueceu entón facer mención ao parking soterrado de dúas plantas que leva ese proxecto.

Respecto a valoración, di que o proxecto fíxose por un Arquitecto municipal, ao que o Alcalde lle da toda a credibilidade. Nese proxecto usou o método comparativo das edificabilidades medias das mazás colindantes, polo que non é certo o que di o Sr. Magariños, ademais de que o Técnico que redactou o proxecto a data de hoxe ten praza no Xurado de expropiación de Galicia.

Tampouco é certo que o proxecto vaia a ser bloqueado no Xurado de expropiación; cada propietario defenderá os seus intereses, pero se o Xurado segue o procedemento éste rematará coa súa valoración, sexa do noso gusto ou non e o mesmo para os propietarios.

Respecto da intervención da voceira de MOVETE non lle parece ben criticar diante de cousas aínda non feitas e descoñecidas (inversión 250.000 euros para o Centro de día) Tamén entende demagógica a consulta veciñal, pois tampouco ve que os alcaldes das Mareas as fagan. Di que a maioría non é un cheque en branco nin moito menos senon un compromiso cos seus votantes, e xusto como consecuencia deste compromiso pois así constaba no seu programa electoral estamos aprobando este proxecto de ampliación dos xardíns da Alameda.

Cando fala o Sr. Magariños de desenvolvementos urbanísticos non ten en conta que o Concello non pode facer alí desembolso económico algún, pois é iniciativa dos propietarios dito desenvolvemento, cedendo despois ao concello as zonas comúns. E remeta dicindo que a voceira do PSOE di que hai tamén outras zonas verdes por expropiación previstas, que poden comprar outras e non estas. Di que non entende o plantexamento, moi estudado polo PSOE, como xa se ve.

Remata dicindo que hai outros proxecto enriba da mesa que non son incompatibles con este.

Resposta D^e Belen Louzao que a herencia que quere deixar o sr. Alcalde é unha hipoteca para os veciños cando o Xurado de expropiación suba o xustiprezo. Reitera que hai que priorizar, hai que buscar o acordo para fomentar o emprego na Estrada. É prioritaria esta actuación? Eles entenden que non. Como teñen maioría o van facer, pero pensa que quedou claro que non é o momento de facer esta inversión, que hai outras prioridades, que vai sair máis caro do que se ten previsto orzamentariamente e que seguramente sexa un procedemento que se alongue no tempo.

De seguido a voceira de MOVETE, D^a Mar Blanco, di que cando falou do remix non o dixo como unha crítica. Tamén di que é certo que o PP leva no seu programa a ampliación dos xardíns, pero non cree que o faga

Intervén novamente o Sr. Magariños, concelleiro do BNG, dicindo que parece que sen iniciativa privada non se pode facer nada no PXOM, agás a ampliación da Alameda. Remarca que hai dúas cousas do programa do PP (a RPT e o SPA) que non se fixeron..e tamén a suba do salario da policía municipal, por exemplo; polo que se ve que o PP cumpre fielmente co seu programa.

A política de aforro do concello supón que que o casco urbán estea cheo de buratos. Se están facendo gastos innecesarios (ex. O campo de fútbol)ou obras que fan auga por todos lados (Novo Mercado, Casa das Letras..). Di que non pon en dúbida o criterio do Técnico, pero di que o Xurado usa outro para fixar o xustiprezo, polo que é probable que o prezo fixado varíe. Tamén do que o Alcalde nunca falou do marxe do custo, falou de mínimos, pero non de máximos. Sabemos cal é?

Di que o Alcalde fala de que reduciu o paro, pero qué pasou coa poboación activa da Estrada??

por uñtino di que lle preocupa sobre todo o tema de que o PXOM se desenvolva por iniciativa privada; espera que lle entre o sentido común ao goberno municipal e se poñan as cousas no seu sitio.

Resposta o Sr. Alcalde que a el o que lle preocupa é o presente deste Concello. Di que a obra da Baiuca, a gardería infantil, verá a luz a finais deste mes e está seguro que a esta obra tamén lle botarán sombras. Di que van por camiños distintos. Saba que hai debate social sobrea ampliación da Alameda, pero tamén hai moita xente que o apoia e que creen firmemente neste proxecto, e saben que a futuro se non o fan agora se lles vai reprochar non telo feito pois é unha grande oportunidade. Di que a Casa das Letras parecelle unha obra moi boa ao lado da biblioteca que fixo o bipartito, e que se tendo en conta todas as obras que fixeron e proxectan, non saben xestionar, non entende nada. Di que agora da froitos o proxecto da Baiuca e que sabe que nun futuro os darán as obras da Alameda.

Contesta ao Sr. Magariños que aquí e na China o desenvolvemento do PXOM é sempre por iniciativa privada. O que pode o Concello é obrigar dalgunha maneira aos propietarios a desenvolver o PXOM, como por exemplo pasou na Avenida de América. Contesta tamén que algúns deses baches xa están solucionados, pero que se quere converter a anécdota en norma, deixa as claras o traballo limitado da oposición.

Remata coa referencia de Belén Louzao ás hipotecas ás xeracións futuras. Pregunta se sabe cal vao ser a valoración do xutrado que vai hipotecar ao Concello da Estrada. Di que non hai horquillas altas nin baixas, hai unha valoración polo técnico, que é unha persoa moi competente, e se o Xurado establece outro valor aseguralles que o Concello conta con capacidade para facer frote a valoración que sexa e seguir co proxecto.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción adoptándose por maioría, cos votos a favor do PP e en contra de PSdeG-PSOE, PSC e Móvete, o seguinte **ACORDO**:

Vista a expresa proposta asinada polo Sr. Alcalde-Presidente en data 19 de maio de 2015, relativa ao asunto reseñado no epígrafe.

Visto que, se pretende realizar a actuación illada en solo urbano referida á ampliación dos xardíns da Alameda (Expropiación de terreos e bens para zona verde), considerando o Concello conveniente, de conformidade co establecido no



artigo 143 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, proceder á expropiación, mediante taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a realización do proxecto antedito.

Visto, conseguintemente, o documento técnico Proxecto de expropiación de terreos e bens para zona verde de sistema xeral SX-ZV-P15, redactado/asinado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, en data 24-03-2015.

Vistos os informes técnicos emitidos ao respecto polo tamén Arquitecto Municipal, D. Enrique Ponte Clares, en datas 26-03-2015 e 19-10-2015.

Visto o informe xurídico emitido polo T.A.X.- Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo, en data 30-03-2015.

Vista a Memoria xustificativa realizada pola Alcaldía-Presidencia en data 17-09-2015, relativa á razón da urxencia/necesidade desta expropiación, para dar así cumprimento ao disposto no art. 11.4 do PXOM en relación co art. 140.1 e concordantes da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Vista a Providencia do Sr. Alcalde, de data 21-09-2015.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria Xeral en data 19-10-2015.

Vista a certificación de existencia de crédito retido, emitida/asinada pola Interventora de Fondos municipais, en data 23-10-2015.

Vista a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia; o Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da hoxe derogada Lei 1/1997, do Solo de Galicia; o Plan Xeral de Ordenación Municipal; o Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei estatal do Solo; o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo; o Regulamento de Planeamento aprobado polo Real Decreto 159/1978, do 23 de xuño; o Regulamento de Xestión urbanística aprobado polo Real Decreto 3288/1978, do 25 de agosto; a Lei de Expropiación forzosa do 16.12.54; o Regulamento de Expropiación forzosa aprobado por Decreto do 26.04.57; o Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo (normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística); e, concordantes.

Visto canto antecede, e considerando que o expediente observou a tramitación establecida na lexislación aplicable, resultando procedente a súa aprobación polo Pleno da Corporación de acordo co artigo 3.4 do Decreto de 26 de xuño de 1957, polo que se aprobou o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, acadado en sesión do día 10 de outubro de 2015.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Proxecto de expropiación de terreos e bens para zona verde de sistema xeral SX-ZV-P15, asinado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, en data 24-03-2015 (por taxación conxunta), coa finalidade de realizar a actuación illada en solo urbano relativa á ampliación dos xardíns da Alameda.

Segundo.- Someter o significado proxecto de expropiación a trámite de información pública (1 mes), en virtude de anuncios a publicar no Diario Oficial de Galicia, nun xornal dos de maior circulación da provincia e no Taboleiro Municipal, para que aquelas persoas que puidesen resultar interesadas formulasen as observacións e reclamacións que considerasen convintes, en particular, no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

Terceiro.- Notificar este acordo (acompañando a respectiva folla de aprecio e a proposta de fixación dos criterios de valoración ou tasación individual) a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente de fixación dos criterios de valoración, para que, de ser o caso, formulen as alegacións que teñan por conveniente no prazo de 1 mes a partires da data da notificación:

- 2065407NH4226N0001LX:

Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro, con enderezo fiscal na Avda. Benito

Vigo, 81 - A Estrada.

Dna. María Celina Campos Pena, con enderezo na Avda. Benito Vigo, 81 - A Estrada.

D. Alejandro Bastida Campos, con enderezo na Avda. Benito Vigo, 81 - A Estrada.

- 2065406NH4226N0001PX:

Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro, con enderezo fiscal na Avda. Benito Vigo, 81 - A Estrada.

- 2065402NH4226N0001BX:

Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro, con enderezo fiscal na Avda. Benito Vigo, 81 - A Estrada.

- 2065403NH4226N0001YX:

Herdeiros de Dna. María Hortensia González Cao, con enderezo fiscal na R/ Río Mandeo, 3, andar 2º, porta D, A Barcala, Cambre (A Coruña).

- 2065404NH4226N0001GX:

Herdeiros de D. José Castro Bouzón, con enderezo fiscal na R. Xale, Are Bóveda, 22 - A Estrada.

- 2065405NH4226N0001QX:

DOSEMAS, S.L., con enderezo fiscal na Avda. Benito Vigo, 66, B - A Estrada.

Cuarto.- Solicitar perante o Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario de A Estrada, a práctica da nota marxinal de incoación do procedemento expropiatorio, por taxación conxunta, nas fincas afectadas polo mesmo que figuren inscritas, de ser o caso.

Quinto.- Comunicar este acordo á Xerencia Territorial do Catastro, para coñecemento e efectos residenciados nas fincas coa referencia catastral reseñada.


3º.- EXPEDIENTE DE REPETICIÓN DO APEO E AMOLLOAMENTO PROVISORIO RESIDENCIADO NA ACCIÓN DE DESLINDE ADMINISTRATIVO DO CAMPO DA FESTA DE GUIMAREI, A CRUZ; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE.

Explica o Sr. Concelleiro Popular Juan Constenla que tratarán de acelerar os prazos o máis posible para rematar o procedemento o máis posible para remtar con este expediente que se está alongando no tempo e non queren perxudicar máis aos veciños.

Interven Dª Belén Louzao dicindo que apoian este expediente como xa se fixo no seu momento no pleno anterior no que se tratou. Non obstante, dende aquí da un tirón de orellas ao Técnico que deixou durmir este expediente nun caixón máis dun ano, xa que a data prevista agora é maio de 2016. Tamén solicita que notifiquen ás asociacións de dita parroquia, expresamente a Cultural Deportiva Santa Apolonia

Dª Mar Blanco apoia esta moción, e o mesmo di o Sr Magariños pedindo que non se demore máis que perxudica aos veciños.

Non habendo máis intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**





Vista a proposta asinada polo Sr. Concelleiro Delegado de Medio Rural e Medio Ambiente en data 16-10-2015, relativa ao asunto referenciado no epígrafe. Visto o expediente instruído polo Departamento do Rural, relativo á necesidade de artellar unha eventual acción de deslinde administrativo previa a outra posterior acción de recuperación posesoria de oficio de ben demanial municipal (Campo da Festa de Guimarei, A Cruz), no que figura, entre outros documentos, o informe-memoria emitido en data 24-04-2014 polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) que xustifica a súa necesidade, dado que puidera estar indebidamente invadido por determinado peche, e, do que a súa desocupación sería precisa para garantir a dispoñibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto tamén o informe técnico emitido o día 14-11-2013 pola Arquitecta Municipal (Sra. Neira Mato).

Visto o informe xurídico emitido en data 02-06-2014 polo do T.A.X. - Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto que, conseguintemente, ese traballo técnico avala o exercizo por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben municipal aparente e indebidamente invadido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3 C. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xudiciais que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2.003, do 3 de Novembro, e concordantes do RBCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais como patrimoniais; tendo isto por obxecto, non só a protección stricto sensu da titularidade pública de forma inmediata, senon garantir, tamén, as funcións públicas que presten eses bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio, ...

Visto que, sen prexuízo da acción recuperatoria da posesión, a Oficina Técnica Municipal considera necesaria a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimétralmente os contornos dos inmobles da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuará unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido iuris tantum e determinado por unha titularidade preexistente, aínda que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmovle. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.

Visto que, o deslinde materialízase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar perimétralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Visto o acordo plenario de data 07-08-2014 aprobatorio do exercizo contraditorio dunha acción de deslinde administrativo do significado ben demanial municipal (Campo da Festa de Guimarei, A Cruz); en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio, o que dera lugar ao inicio do procedemento de deslinde en virtude da conseguinte publicación do anuncio no B.O.P. nº 167/2014, do 1 de setembro, web municipal e taboleiro, fixando a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 27-11-2014, a realizar pola Oficina Técnica Municipal.

Vistas as operacións de apeo e amolloamento provisorio realizadas no dito Campo da Festa en data 27-11-2014, baixo a dirección técnica de D. Daniel Órrea Corral (Arquitecto Técnico municipal), asistido polos representantes de Ceres, S.L. (D. José Constenla Pego e D. Manuel Sangiao Sanmartín), e contando coa presenza das persoas que se identificaron como Dna. Ana María Puente Barreiro (presidente da AAVV Santa Apolonia), D. Manuel Mosteiro Dono, Dna. María Otilia Pájaro González e Dna. Josefina Verde Randulfe.

Vista a posta de manifesto do expediente realizada en data 20-02-2015 a prol dos indicados comparecentes- interesados, aos que se lles deu traslado

documental das operacións realizadas, unha vez xustificadas nos informes técnicos asinados en datas 09-02-2015 (Arquitecto Técnico Municipal) e 19-02-2015 (Enxeñeiro Técnico Agrícola municipal, D. Ramón Brea Villaverde), así como no topográfico asinado en data novembro de 2014 polo Enxeñeiro Técnico Agrícola contratado, D. José Constenla Pego; respecto da que non consta alegación en tempo (10 días) e forma, salvo erro ou omisión.

Visto, non obstante, o escrito presentado en data 09.03.15 (RE nº 2589) por D. Ramiro Barreiro Costa, salientando que as nomeadas operacións provisionais afectaron a un ben da súa propiedade sen que fora convocado persoalmente a tal acto municipal, polo que considera que non se tivo en conta a súa opinión nin a documentación que puidera ter aportado, e manifestando que o Concello, ao seu xuízo, aceptou as indicacións de terceiras persoas que manteñen con él un conflito persoal, ata o punto de tomar partido no seu prexuízo. Asemade, considera que o Concello marcou un lindeiro introducíndose na súa propiedade; razóns, todas elas, polas que interesa que se deixe sen efecto o apeo e amolloamento provisorio realizado, por non terse acreditado a titularidade pública do terreo obxecto do mesmo, e se inicie de novo.

Visto que o anuncio da data e hora de realización das indicadas operacións de apeo e amolloamento provisorio foi público (B.O.P. nº 167/2014, do 1 de setembro, web municipal e taboleiro), de xeito que compareceron tanto as persoas ás que se lles notificou o indicado acordo plenario, como outras non notificadas individualmente.

Visto que este Concello non toma partido inxustificadamente a prol de ningún cidadán, dado que só serve o interese público con obxectividade.

Visto que as operacións realizadas en data 27-11-2014 unicamente teñen carácter provisorio.

Visto que o Concello non ten inconveniente na realización das nomeadas operacións novamente, en presenza de cantas persoas interesadas puidera haber.

Vistos, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1.997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia propia (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de Abril; art. 50.17 R.O.F.).

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, acordado en sesión do 29-10-2015.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Repetir as operacións técnicas de apeo e amolloamento provisionais realizadas o día 27-11-2014 no Campo da Festa de Guimarei, A Cruz, en sede do exercicio contradictorio dunha acción de deslinde administrativo do ben demanial municipal (aprobado polo acordo plenario de data 07-08-2014); no marco, á súa vez, do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.

Segundo.- Publicar o anuncio do novo deslinde no B.O.P., web municipal e taboleiro, fixando a data para a repetición das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio, para o día 19 de maio de 2016, a partires das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal.

No indicado anuncio especificarase que dende o día número 1 ao día número 40 a contares dende a publicación do anuncio no B.O.P., os colindantes e demais interesados lexítimos poderán presentar os documentos que estimen oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses (non se admitirán de presentarse extemporaneamente).

Terceiro.- Notificar individual e nominalmente aos propietarios colindantes e interesados afectados, para coñecemento e efectos:

- D. Manuel Mosteiro Dono (Rúa Marín, nº 7, A Estrada).
- Dna. Josefina Verde Randulfe (A Cruz, 21 - Guimarei, A Estrada).
- D. Manuel Ríos Sueiro (A Cruz, 21 - Baixo, Guimarei, A Estrada).





- o Dna. María Otilia Pájaro González (A Cruz, 19 - Guimarei, A Estrada).
- o Dna. Ana Ponte Barreiro, en representación da AAVV Sta. Apolonia (A Portela, nº 7 - Guimarei, A Estrada).
- o D. Ramiro Barreiro Costa (Cardavella, 16 - Guimarei, A Estrada).
- o D. Laurentino Barreiro Costa (Cardavella, 16 - Guimarei, A Estrada).
- o Sr./a Presidente da Comisión de Festas.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo á Oficina Técnica Municipal, para coñecemento e efectos.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, RELATIVA Á SOLICITUDE DE MELLORAS NA SEGURIDADE VIAL DA N-525 AO SEU PASO POLA ESTRADA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE.

Dª Belen Louzao explica que a N-525 é un vial dos de maior tránsito e a incorporación é de alta perigosidade, ademáis de tráfico lento, interseccións que se poderían mellorar...tamén di que hai dúas líneas de servizo urbán e se dote de paradas exeitadas para o transporte colectivo dos viaxeiros con seguridade.

Dª Mar Blanco apoia e comparte a moción do PSOE e o Sr. Magariños di que todos son coñecedores dos perigos, polo que apoia a moción.

Non habendo máis intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a moción do grupo político municipal do PSdeG-PSOE presentada con data 19-10-2015 (RE nº 13418), relativa á solicitude de melloras na seguridade vial da N-525 ao seu paso pola Estrada, e que se transcribe de seguido:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANTDO MELLORAS NA SEGURIDADE VIAL DA N-525 AO SEU PASO POLA ESTRADA

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello da Estrada desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A N-525 é unha das arterias que permiten a circulación diaria de milleiros de vehículos entre Benevente e Santiago de Compostela. O volume de trafico por este vial convérteo nunha infraestrutura vital, inda contando cos desdobramentos realizados á mesma por autopista.

Ao seu paso polo Concello da Estrada, discorrendo polas parroquias de Orazo, Loimil, Oca e Arnois, facilita o tránsito diario a milleiros de vehículos lixeiros e pesados, tanto en tránsito como residentes estradenses. A convivencia diaria con esta infraestrutura que presenta eivas en seguridade vial fai necesario requirir ao Goberno do Estado a realización de melloras na seguridade e no seu trazado ao seu paso pola Estrada.

Actualmente, no treito estradense da N-525 podemos atopar varios cruces que se realizan sobre o vial con alta perigosidade, dificultades na circulación e para realizar adiantamentos a vehículos lentos, así como ausencia de espazos axeitados para tránsito de vehículos de transporte colectivo.

Sendo ésta unha carretera fundamental nas comunicacións dentro da provincia de Pontevedra, e cunha alta densidade de tránsito diario, a situación actual de alta inseguridade vial na circulación supón un perigo moi elevado para milleiros de persoas cada día.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Solicitar ao Ministerio de Fomento, administración titular da vía, a execución de melloras na seguridade vial da N-525 ao seu paso polo Concello da

Estrada, contemplando:

- Modificacións nas interseccións sitas na parroquia de Oca, a intersección co vial PO-2017 no lugar de Balboa e na intersección co vial PO-213 na parroquia de Arnois,
- A dotación de carril para vehículos lentos
- A implantación de espazos axeitados para realización de paradas do transporte colectivo - autobús".



Visto o Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, acadado en sesión do 29-19-2015.

ACORDAMOS:

Solicitar ao Ministerio de Fomento, administración titular da vía, a execución de melloras na seguridade vial da N-525 ao seu paso polo Concello da Estrada, contemplando:

- Modificacións nas interseccións sitas na parroquia de Oca, e a intersección co vial PO-2017 no lugar de Balboa e na intersección co vial PO-213 na parroquia de Arnois,
- A dotación de carril para vehículos lentos
- A implantación de espazos axeitados para realización de paradas do transporte colectivo - autobús".

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE, RELATIVA Á DECLARACIÓN DA ESTRADA COMO ZONA LIBRE DE MALTRATO ANIMAL; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE.

Vista a moción do grupo político municipal do MÓVETE presentada con data 15-10-2015 (RE nº 13295), relativa á declaración de A Estrada como zona libre de maltrato animal, acórdase deixar o asunto sobre a Mesa, para poder volver á Comisión Informativa e matizar dita moción. A Voceira de MOVETE expresa o seu acordo, pois o que eles queren é que se adopte o acordo e non ten problema en facer correccións ao texto.

6º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONXUNTA DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE.

Por parte de Dª Amalia Goldar dicindo que é un problema co que hai que loitar toda a sociedade no seu conxunto. Dende o ano 2003, case 800 mulleres foron asasinadas. A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade pública. Hai que avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus fillos e fillas, e o Concello da Estrada sempre estará ao carón das mulleres maltartadas e as súas familias e contra a violencia machista. Esta declaración institucional é un reflexo do sentir de todo o pobo da Estrada e do acordo de toda a Corporación neste extremo.

Dª Belén Louzao intervén expresando o seu sentir neste extremo. Di que un ano máis, chégase ao acordo de toda a Corporación coa repulsa da violencia machista. Desde 2003 son case 800 mulleres asasinadas e hai que seguir loitando para adaptar á Lei, para que se fagan melloras, para dar apoio xudicial ás vítimas, para o seguemento das denuncias que se retiran etc... hai que esixir á Xunta e ao Goberno que dote o Orzamento de partidas para facer fronte e loitar contra a violencia de xénero. Expresa que é inasumible esta situación e que debe facerse un acordo nacional sobre a violencia machista e loitar todos xuntos ao carón das mulleres que sofren malos tratos.

D^a Mar Blanco, voceira do grupo MOVETE, valora moi positivamente esta elaboración conxunta da declaración institucional. Entende que é unha obriga do Concello e das demais administracións Públicas loitar todo o ano contra a violencia machista e consideran que hai que traballar arreo en dous xeitos: prevención e asistencia social, como única forma efectiva de acabar coa violencia machista ata acadar por fin unha sociedade igualitaria en todos os xeitos. Espera que non se repitan actuacións como o desafortunado cartel da Feira do Moble.

D. Xosé Magariños, voceiro do BNG expón que un ano máis a Corporación chegou a acordo neste tema. A erradicación da violencia machista debe ser unha prioridade política e os representantes políticos debemos ser exemplares nisto. Vimos dunha tempada terrible en Galicia con seis mulleres asasinadas e dúas nenas. Hai que legislar a posibilidade de que se poida iniciar un expediente sen que exista denuncia, que sexa suficiente a existencia dun informe médico para o seu inicio. Pretenden visibilizar a violencia machista coa introdución do término feminicidio, entendido como asasinar mulleres polo feito de ser mulleres, como forma de terror propia e que estea presente en toda a lexislación contra a violencia de xénero.

Non habendo máis intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a declaración institucional conxunta dos membros da Corporación municipal, elaborada con motivo do 25 de novembro contra a violencia de xénero, e que se transcribe de seguido:

"Os grupos que forman parte do Pleno do Concello de A Estrada, PP, PSOE, MOVETE E BNG por unanimidade acordan aprobar o seguinte texto institucional para o noso compromiso desta corporación contra a violencia de xénero.

EXCMO. ALCALDE. PROPOSICION DE MOTIVOS

A violencia machista é un dos problemas máis graves que ten que afrontar a nosa sociedade. Arredor de 800 mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas ou ex parellas desde o ano 2003, cando comezaron a recompilarse estatísticas oficiais. Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisíbel gracias ao constante e incansábel traballo dos movementos das mulleres.

Una sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus fillos e fillas.

Por todas estas razóns, un ano máis, atendemos ao chamamento de Nacións Unidas de conmemorar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres, e ratificamos o noso compromiso explícito de rexeitamento da violencia de xénero, ratificamos o noso compromiso de traballar até conseguir a súa erradicación. Temos a convicción de que a tolerancia cero á violencia contra as mulleres debe ser un valor da sociedade no seu conxunto. É o noso compromiso son os valores.

A loita contra a violencia de xénero deber ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e froito do traballo para que isto así sexan vixentes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e neste campo corresponde a Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por último, queremos lembrar a todas e cada unha das vítimas mortais da violencia de xénero. Mulleres con nomes e apelidos, con vidas que foron truncadas por unha violencia cruel exercida, precisamente, pola persoa coa que un día decidiron compartir a súa vida. Tamén aos fillos e fillas dos maltratadores, vítimas a súa vez desta violencia, vítimas mortais incluso, convertidas no último exercicio de vinganza contra súas nais.

Este Concello dedica un sentido e doloroso recordo á memoria de todas as mulleres asasinadas por violencia de xénero e expresa as súas condolencias ás súas familias e amizades. De igual maneira, manifesta a súa repulsa a todas as manifestacións da devandita violencia, redobra o seu compromiso coas vítimas e declara a tolerancia cero cos maltratadores.

En virtude do exposto, o Pleno da Corporación de A Estrada ACORDA

1.- Reclamar que os Concellos e entes locais sexan os titulares das competencias en Igualdade e Violencia de Xénero, coa consecuente dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a Lei Orgánica 1ª2004, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de Xénero.

2º. O Concello de A Estrada declárase como Concello libre de violencia de xénero e comprométese a seguir traballando unha rede de atención social as mulleres en situación de violencia e que lle axudará a buscar alternativas para recuperar a súa vida(dereitos laborais, políticas de formación, apoio ao emprego, vivenda, axudas sociais). Na devandita rede estarán incluídos os servizos de protección, información, asesoramento, acompañamento e acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, os seus fillos o as súa fillas.

Así mesmo, o Pleno da Corporación do Concello de A Estrada INSTA o Goberno do Estado:

1.- Mellorar as partidas orzamentarias, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades autónomas como dos servizos de proximidade dos concellos.

2.- Poñer en marcha onde non existan Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, e onde existan mellorar a súa dotación, instaurando a figura do Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro, no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso.

3.- Establecer protocolos de intervención específicos par a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.

4.- Active de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.

5.- Incorporar o currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.

6.- Poñer en marcha un Plan Integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.

7.- Estipule a obrigatoriedade de que os profesionais dos distintos ordenes administrativos que interveñen nesta campo(policial, social, xudicial , sanitario) teñan a formación específica necesaria para actuar neste campo.

8.- Amplíe as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da Lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, toas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a violencia contra a muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul) que España ratificou., e así mesmo, que se proceda dentro das súas competencias a levar a cabo toda aquela modificacións e adaptacións da lei do 2004 as realidades e evolucións que van xurdindo neste tipo de violencia co fin de garantir a protección da muller vítima de violencia e o seu entorno, calquera que sexa a forma de violencia exercida.

9.- Instar á Xunta de Galicia que se proceda dentro das súas competencias a levar a cabo toda aquela modificacións e adaptacións da lei do ano 2007 as realidades e evolucións que van xurdindo neste tipo de violencia co fin de garantir a protección da muller vítima de violencia e o seu entorno, calquera que sexa a forma de violencia exercida.

10.- Dar traslado deste acordo a Xunta de Galicia na persoa do seu Presidente".



Visto o Ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, acadado en sesión do 29-10-2015.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Reclamar que os Concellos e entes locais sexan os titulares das competencias en Igualdade e Violencia de Xénero, coa conseguinte dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficiente a Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de Xénero.

Segundo.- O Concello de A Estrada declárase como Concello libre de violencia de xénero e comprométese a seguir traballando unha rede de atención social ás mulleres en situación de violencia e que lle axudará a buscar alternativas para recuperar a súa vida (dereitos laborais, políticas de formación, apoio ao emprego, vivenda, axudas sociais). Na devandita rede estarán incluídos os servizos de protección, información, asesoramento, acompañamento e acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, os seus fillos ou as súa fillas.

Terceiro.- Instar ao Goberno do Estado a:

- Mellorar as partidas orzamentarias, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas como dos servizos de proximidade dos Concellos.
- Poñer en marcha, onde non existan Xulgados Especializados en Violencia de Xénero e onde existan melloras á súa dotación, instaurando a figura do Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia ata o final do proceso.
- Establecer protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.
- Activar de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.
- Incorporar ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo- sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.
- Poñer en marcha un Plan Integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.
- Estipular a obrigatoriedade de que os profesionais das distintas ordes administrativas que interveñen nesta campo (policial, social, xudicial, sanitario) teñan a formación específica necesaria para actuar neste campo.
- Ampliar as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da Lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a violencia contra a muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul) que España ratificou; e, así mesmo, que se proceda dentro das súas competencias a levar a cabo todas aquelas modificacións e adaptacións da Lei do 2004 ás realidades e evolucións que van xurdindo neste tipo de violencia, co fin de garantir a protección da muller vítima de violencia e o seu entorno, calquera que sexa a forma de violencia exercida.



Cuarto.- Instar á Xunta de Galicia para que proceda, dentro das súas competencias, a levar a cabo todas aquelas modificacións e adaptacións da Lei do ano 2007 ás realidades e evolucións que van xurdindo neste tipo de violencia co fin de garantir a protección da muller vítima de violencia e o seu entorno, calquera que sexa a forma de violencia exercida.

Quinto.- Dar traslado deste acordo a Xunta de Galicia na persoa do seu Presidente.

7º.- ADHESIÓN ÁO MANIFESTO PRESENTADO POLA PLATAFORMA FEMINISTA GALEGA CON MOTIVO DA MARCHA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DO 7N EN MADRID; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE.

Explica Dª Amalia Goldar que non se poden negar á adhesión xa que o Concello está de acordo co contido do manifesto e polo tanto van prestar apoio loxístico e económico a esta marcha contra as violencias machistas comprometéndose a colocar as bandeirolas na fachada da casa consistorial en apoio a este colectivo e contra as violencias machistas.

Dª Belén Louzao mostra o seu apoio total a este movemento que vai confluír en Madrid ao 7 de novembro contra as violencias machistas. Amosa o seu apoio a este colectivo que loita contra esta lacra, contra todo tipo de denigración sobre as mulleres. Alégranse do apoio por parte da Corporación pero o apoio ten que ser día a día, tanto a este colectivo como ás mulleres maltratadas.

Dª Mar Blanco valoran positivamente este di que é importante facer hincapie en falar de violencia en plural, xa que as agresións prodúcense en todo tipo de relacións e en todos os estratos sociais, por iso é importante manter una relación permanente con este tipo de asociación para crear dinámicas de traballo no día a día.

O Sr. Magariños, voceiro nacionalista, manifesta a importancia de que falemos de violencias en plural xa que non é só violencia física senon psíquica e verbal. Con este apoio que dá claro que o Concello da Estrada oponse por completo a calquera tipo de violencia sobre as mulleres.

O Sr. Alcalde dá as grazas a todos pola súa coherencia e sensatez e polo seu traballo conxunto neste e outros asuntos que levan sempre o apoio unanime desta Corporación municipal.

Non habendo máis intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Visto o Manifesto presentado pola Plataforma Feminista Galega con data setembro/2015.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, acadado en sesión do 29-10-2015.

ACORDAMOS:

Primeiro.- A adhesión do Concello da Estrada ao Manifesto presentado pola Plataforma Feminista Galega, e que implica:

- Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema "Contra as Violencias Machistas" e promover a participación cidadá na Marcha.
- Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- Soster todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.
- Atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.



- Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
- Sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e de convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia municipal.
- A erradicación do sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.
- Atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, migrantes, con diversidade funcional, en situación de desemprego ou dependentes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.
- A participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

Segundo.- Dar traslado deste Acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Estambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.

Terceiro.- Dar traslado á Xunta de Galicia, na persoa do seu Presidente.

8º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME EMITIDO POLA SECRETARÍA MUNICIPAL SOBRE ASISTENCIA LEGAL A POLICÍAS LOCAIS (DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE 29-10-2015).

Dáse conta do Informe emitido con data 29-09-2015 pola Secretaría municipal relativo á asistencia legal a Policía Locais, no que se conclúe que o Concello non pode facerse dende o inicio do procedemento dos gastos de representación e defensa do persoal ao seu servizo, Policía Local, imputados nun procedemento penal, por non cumprirse as condicións establecidas ao respecto segundo doutrina de jurisprudencia do TS; previa dación de conta á Comisión Informativa de Organización e Funcionamento en sesión do 29-10-2015.

O Concello en Pleno queda sabedor.

NESTE MOMENTO ABANDONA Á SESIÓN OS CONCELLEIROS D. JUAN M. CONSTENLA CARRÓN, DNA. ANA ASOREY BREA E DNA. MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

FÓRA DA ORDE DO DÍA

a) CAMBIO DE DATA PLENO ORDINARIO DE DECEMBRO.

Vótase por unanimidade dos membros presentes tanto a introdución deste punto por urxencia na orde do día como a proposta do seu cambio a data 10 d decembro para non coincidir a data no 4 de decembro xusto antes do inicio da Ponte da Constitución.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

O PSDG-PSOE presenta os seguintes rogos:

- Que se poña un espello en Castrovite
- Pide a mellora das losetas no Pazo de Oca
- Fai publica a demanda dos deportistas de mellora da iluminación da Avenida da Cultura.
- Trasladanlle os usuarios da Casa das letras que suba a calefacción pois vai frío
- Pide que se mellore o firme do parking que hai xunto a Correos, aínda que sabemos que non é municipal, a maior brevidade.

Despois a voceira socialista fai a seguinte pregunta:na obra Riobó-Oca, como está o proxecto? Cando vai comezar? Antes do inverno será posible, pois as



marxes son de difícil acceso?

Resposta o Sr. Alcalde que tivera problemas organizativos a empresa, que ten que rematar unhas obras noutro Concello onde necesitaron as máquinas, pero que xa fai 15 días que hai vía libre. Estarán como moi tarde o martes para o movemento de terras. Respecto a cesión houbo acordo verbal con algúns CNV con outros documento por escrito. Hai unha cuestión dun enlace antes da Ponte que hai que corrixir (non é un vial municipal) e están a chegar a unha solución que están estudando cos propietarios (hai dúas pccións)

D^a Mar Blanco plantexa os seguintes rogos:

- instar a limpeza da Ponte Nova de Rubín.

- Dous rogos relacionados coa rúa Fernando Conde. Por un lado pide que no tramo intermedio se regule o tráfico, pois se pode aparcar nas dúas beirarrúas da rúa, e cando se cruzan dos coches é complicado pasar. Tamén ide coidar a limpeza vial.

- Na zona do Cabalar, a xente que practica deporte esta tendo problemas pola ameaza dos mastíns da Cooperativa e pide ao Concello que medie coa cooperativa para que a xente poida transitar tranquilamente por dita zona.

Por último plantexa a seguinte pregunta: cando vai rematar a parcelaria Arca-Codeseda?

Resposta o Sr. Alcalde que nos últimos días foron recibidos os proxectos de Codeseda, Arca e Valdevea dous no que respecta á rede secundaria de camiños e acondicionamento de parcelas, sendo necesaria dita obra para a resolución dos centos de recursos presentados polos veciños e a emisión dos títulos definitivos. A xunta fixo un esforzo para resolver os recursos e poder rematar dito acondicionamento e a rede secundaria, dando saída a un tema que levaba atascado anos.

Intervén o Sr. Magariños (BNG) dicindo que o malo de falar o último é que xa se dixó case todo. Reitera o dito respecto a Correos, tamén remarca o da Rúa Fernando Conce dicindo que non se pode aparcar nas dúas beirarrúas, pero se fai, polo que pide que se cumpla e respete a normativa. Respecto dos malos aparcamentos, insiste con outro rogo no que respecta ao cruce 25 de xullo-Gradín (Zona dos Catro camiños) sempre hai coches aparcados e é un perigo; polo que pide que se pinte de amarelo.

Respecto da iluminación na Vía da Cultura di que o trouxo xa e ao final pasou o que tiña que pasar. Espera que o melloren e de paso arranxen tamén un burato que deixou un camelio.

Pide que se arranxe a avaría da calefacción da Casa das Letras.

Por ultimo fai as seguintes preguntas:

1.-Se están a facer as xestións sobre o custo do Transporte Metropolitano?

2.-Por qué non se teñen ingresadas as subvencións aos clubs deportivos?

Resposta o Sr. Alcalde que se fixo un estudo sobre o coste real e se está a elaborar un informe para remitir á Xunta de Galicia, e será o padroado o que debe resolver esta cuestión como órgano competente. A próxima reunión do Padroado será en marzo/abril e alí presentaremos esta cuestión para homoxeneizar as tarifas (xa que non é só ao Concello da Estrada a quen lle pasa esta cuestión)

Respecto da segunda cuestión di que ao ser unha convocatoria única ata que todos os clubs presentes a documentación, non se pode pagar, e todos os clubs foron requeridos para subsanación de deficiencias. Como non queren deixar a ningún fora da subvención por presentación fora de prazo, están esperando a que todos subsanen. Pero se non o fan, haberá que tomar a decisión de deixar a algúns fora para non perxudicar máis aos que o fixeron ben.

No turno de participación veciñal intervén D. José Manuel Pombo Mato (76.858.719X) pregunta que pasou co tema do campo de fútbol de Figueira co nome de Masnuel Regueiro, pos debe sabelo hoxe.

Explícalle o Sr. Alcalde que máis de tres mil sinaturas presentaron dita proposta. Vaise convocar a Comisión de Cultura como especial de Honras e Distincións, para votar esta proposta, supón que se fará por unanimidade, xa que case todos se posicionaron públicamente a favor. Unha vez ditaminado, se traería ao Pleno de 10 de decembro, para acordar dita proposta e que así cheguemos aos



actos previstos para o 26 de decembro co acordo adoptado.

De seguido intervéñ D^a Consuelo Rivadulla Rodríguez (52.470.369D) agradecendo en nome da Plataforma o apoio amosado por esta Corporación, tanto económico como social. Isto é unha cuestión de Estado, polo que é moi importante o apoio institucional e dos grupos políticos e da sociedade en xeral. Todos debemos estar unidos neste tema.

Agradece o sr. Alcalde esta intervención e lle da a noraboa pola labor desenvolvida, non só respecto desta marcha senon polo traballo extraordinario que están a facer todos os días fronte a violencia de xénero.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas trinta minutos.

A Estrada, 5 de novembro de 2015

A SECRETARÍA



Asdo.: Lúcia Arteaga Alonso